

“Acumulamos décadas de incumprimento sistemático das cativas normas favorábeis ao uso social e público do galego”

25

Queremos Galego publica na súa web unha carta aberta da profesora da UdC e activista pola lingua Pilar García Negro a Ricardo Carvalho Calero, autor homenaxeado no Día das Letras deste 2020

Compostela, 4 de maio de 2020.-

A plataforma cidadá Queremos Galego publicou esta mañá na súa páxina web o manifesto que escribiu a profesora da Universidade da Coruña e activista pola lingua María do Pilar García Negro para este 17 de maio. García Negro diríxese a Ricardo Carvalho Calero, autor homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2020, nunha carta aberta na que recorda que “os seus estudos, os seus artigos, analizaron perfectamente a impostura radical da lexislación constitucional e estatutaria verbo da normalización necesaria da lingua de noso” e denuncia que “aínda por riba desta limitación, acumulamos anos e anos –décadas– de incumprimento sistemático das cativas normas favorábeis ao uso social e público do galego”.

A discípula de Carvalho Calero advirte na súa misiva que “a última década resulta particularmente escandalosa no maltrato que as autoridades autonómicas usan para co galego”, explicando que “se procedeu directamente a legislar na súa contra, a confinalo aínda máis do que xa estaba, a fomentar descaradamente a españolización por todas as vías: ensino, medios de comunicación, sociedades públicas...” “Non se trata só dun desprezo pasivo”, dille García Negro a Carvalho Calero e, a través del, ao conxunto da sociedade galega, “senón da exclusión organizada con toda a prepotencia e, ao tempo, con todo o servilismo á indiscutida lingua oficial do Estado”.

A profesora e activista recorda a intervención de Carvalho Calero no encontro sobre os problemas e as necesidades da nosa lingua de que derivou na constitución da Mesa pola Normalización, o mes de abril de 1986 e comunícalle ao mestre que “as nosas demandas, as nosas reclamacións, a nosa loita pro-galego foi ratificada e corroborada por non poucos organismos internacionais, desde a UNESCO até a propia ONU, pasando por diferentes instancias europeas”. E remata recuperando as palabras de Carvalho: **“Hai que ganhar ou recuperar para o uso normal do galego aqueles sectores sociais que hoje tenhem como língua normal o castellano”**. Esta é unha tarefa á que queremos convocar, co amor, o respeito e o afán que a causa da lingua merece, advirte García Negro, a toda a poboación galega e, nomeadamente, todos os mozos e mozas en cuxa man está a digna perpetuación viva do noso idioma. “Somos galegas e galegos. A mellor forma de que esta condición se

exteriorice, de que non se disimule, de que se admita coa necesaria naturalidade e orgullo, é a práctica da nosa lingua. Neste Día das Letras Galegas, a vostede dedicado, manifestámoslle o noso afecto, a nosa memoria agradecida, a débeda con vostede contraída, débeda e exemplo que queremos converter en actos positivos para a lingua que vostede tanto e tan ben tratou e arrequeceu”.

Queremos Galego, composta por máis de 600 entidades, anima a sociedade galega a manter as mobilizacións do 17 de maio, pendurando de xanelas e varandas a bandeira galega e cartaces que reivindiquen a nosa lingua co lema *Precisamos do galego: xustiza, igualdade e cohesión* como os que a plataforma ofrecerá desde a súa web, listos para descargar e imprimir en difetentes formatos. “A lingua galega non ficará confinada este 17 de maio”, asegura Marcos Maceira, voceiro de Queremos Galego (audio dispoñíbel [aquí](#)), que chama tamén ás persoas usuarias das redes sociais a partillar ao longo de todo o día vídeos e fotografías de anteriores convocatorias baixo as etiquetas

#PrecisamosDoGalego #QueremosGalego e #17demaio.

<https://www.amesa.gal/noticias/noticias-da-mesa/acumulamos-decadas-de-incumplimento-sistemático-das-cativas-normas-favorabeis-ao-uso-social-e-publico-do-galego>

Queremos Galego cóntalle a Carvalho Calero por que reivindica que #PrecisamosDoGalego este 17 de maio

María Pilar García Negro escribe unha carta aberta ao escritor ao que está adicado este Día das Letras Galegas na que confirma o "desprezo" e a "exclusión" da nosa lingua á vez que chama á mobilización de toda a sociedade, en particular das mozas e mozos.

Benquerido profesor, **non esquivamos a nosa responsabilidade**, isto é, a de todas e todos nós, galegas e galegos, que nos recoñecemos no povo do mesmo nome e queremos exercer non só os nosos dereitos de uso e devolución do noso idioma senón que tamén nos sentimos vinculados a un deber inescusábel: o de sermos dignos de quen nos precedeu, non adorando lápidas senón continuando o seu **labor dignificador da lingua, amándoa con obras e non só con palabras que leve o vento**".

A profesora da Universidade da Coruña e activista pola lingua [María Pilar García Negro](#) diríxese así a [Ricardo Carvalho Calero](#) no manifesto para o [Día das Letras Galegas](#) da plataforma cidadá **Queremos Galego**. Nunha carta aberta recorda que "os seus estudos, os seus artigos, analizaron perfectamente

a impostura radical da lexislación constitucional e estatutaria verbo da normalización necesaria da lingua de noso".

A discípula de Carvalho Calero advirte na súa misiva que "a última década resulta particularmente escandalosa no [maltrato que as autoridades autonómicas usan para co galego](#)", explicando que "se procedeu directamente a legislar na súa contra, **a confinalo aínda máis do que xa estaba**, a fomentar descaradamente a españolización por todas as vías: ensino, medios de comunicación, sociedades públicas...".

Chamado a mozas e mozos

"Non se trata só dun desprezo pasivo", dille García Negro a Carvalho Calero e, a través del, ao conxunto da sociedade galega, "senón da **exclusión organizada con toda a prepotencia** e, ao tempo, con todo o servilismo á indiscutida lingua oficial do Estado".

"Unha lingua non pode denominarse normal se non posúe os atributos de tal: ha de ser ubicua, capilarmente circulante por toda a sociedade, con efecto multiplicador, renovábel e atenta a todas as necesidades comunicativas, científicas, expresivas e estéticas do mundo actual. Nen máis nen menos", sinala a profesora.

Así, recupera as palabras de Carvalho: "Hai que ganhar ou recuperar para o uso normal do galego aqueles sectores sociais que hoje teñem como lingua normal o castellano". E salienta que esta "é unha tarefa á que queremos convocar, co amor, o respecto e o afán que a causa da lingua merece, toda a poboación galega e, nomeadamente, **todos os mozos e mozas en cuxa man está a digna perpetuación viva do noso idioma**".

Mobilización na rede

Queremos Galego, composta por máis de 600 entidades, anima a sociedade galega a [manter as mobilizacións](#) do 17 de maio, **pendurando de xanelas e varandas a bandeira galega e cartaces** que reivindiquen a nosa lingua co lema *Precisamos do galego: xustiza, igualdade e cohesión* como os que a plataforma ofrecerá desde a súa web, listos para descargar e imprimir en difetentes formatos.

"A lingua galega non ficará confinada este 17 de maio", asegura Marcos Maceira, voceiro de Queremos Galego, que chama a partillar ao longo de todo o día vídeos e fotografías de anteriores convocatorias baixo as etiquetas **#PrecisamosDoGalego**, **#QueremosGalego** e **#17demaio** nas redes sociais.

A palataforma cidadá pretende, desta maneira, manter este 17 de maio a reivindicación de avances reais para o galego, aproveitando a data para recordar a obriga que teñen todos os poderes públicos de cumprir co sinalado

tanto polo Comité de Ministros do [Consello de Europa](#) como polo relator especial da ONU para as minorías nacionais.

A este respecto, Queremos Galego sinala que non se pode permitir que [o máximo desprezo á nosa lingua nestes tempos veña do presidente da Xunta](#), utilizando como lingua principal o castelán nas súas comparecencias públicas. "Desprezar o galego, excluíndoo de mensaxes de tanta relevancia", aseguran, "non só non contribúe á loita contra a epidemia, senón que **incide en prexuízos ideolóxicos sobre a nosa lingua** e sobre a Galiza".

<https://www.nosdiario.gal/articulo/lingua/precisamosdogalego/20200504182513096833.html>